

BASES DE PARTICIPACIÓN CURSO DE “LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA A1.1”

1. INFORMACIÓN XERAL

O curso de “*Lingua de signos española A1.1*” terá unha duración de 30 horas.

Datas formación: 11, 13, 18, 20, 25, 27 de marzo; 1, 3, 8, 10 de abril (martes e xoves)

Horario: 16.30 a 19.30

Lugar: Aula Centro Sociocultural - Auditorio de Rianxo

Número máximo prazas: 20 - Número mínimo prazas: 8

2. DESTINATARIOS/AS

Persoas de 16 a 35 anos (ambos inclusive), interesadas en acadar coñecemento sobre a lingua de signos española.

Darase preferencia aos mozos e mozas de entre 16 e 35 anos (ambos inclusive) que estean empadroados no Concello de Rianxo.

3. PREZO DE MATRÍCULA

Os prezos de inscrición aprobaranse na Xunta de Goberno Local do Concello de Rianxo.

4. INSCRICIÓN

As solicitudes deberán presentarse do luns 17 febreiro ao domingo 02 de marzo (ambos incluídos) no rexistro do Concello de Rianxo, presentando a ficha de inscrición e a documentación xustificativa do prezo reducido, de ser o caso.

A presentación da solicitude implica a aceptación das normas deste procedemento.

5. SELECCIÓN

1. Por orde de inscrición entre os que estean empadroados en Rianxo e teñan entre 16 e 35 anos, ambos inclusive.
2. Por orde de inscrición entre os que estean empadroados en Rianxo.
3. Por orde de inscrición.

6. LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS

O listado definitivo de admitidos/as publicarase entre os días 3 e 4 de marzo na páxina web do Concello de Rianxo www.concelloderianxo.gal e serán avisados mediante chamada telefónica ou correo electrónico. Para estes efectos, a presentación da solicitude implica a autorización

para a publicación do nome e apelidos do solicitante.

Os admitidos/as terán que solicitar o recibo de pagamento ao Servizo de Xuventude, e facer o abono antes do 09 de marzo.

De non facerse o aboamento, chamarase ao seguinte do listado.

Tanto no caso de non comezar o curso, como de sobrevir na súa participación non se devolverá a cota de inscrición.

7. RÉXIME DE ASISTENCIA E DIPLOMAS

A expedición do diploma supédítase á acreditación dunha presenza mínima do 90% das horas, aínda cando as causas estiveran xustificadas.

Os diplomas entregaranse ao rematar o curso ou serán enviados por correo postal.

8. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro electrónico propiedade do Concello de Rianxo coa única finalidade de proceder á inscrición na actividade para a que se proporcionan os datos.

Serán unicamente cedidos á empresa adxudicataria os datos identificativos e de contacto dos participantes.

Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ao Concello de Rianxo, Praza Castelao, 1, 15920 Rianxo, correo electrónico dpd@concelloderianxo.gal, ou mediante o procedemento habilitado para o efecto da Sede Electrónica: sede.concelloderianxo.gal. Se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación perante a autoridade de control en www.aepd.es. Datos de contacto do delegado de protección de datos: Ramón Santos Pérez, dpd@concelloderianxo.gal